


INTERPRETACIÓN XEOGRÁFICA DA PAISAXE COMPOSTELANA

DISCURSO¹ LIDO
O DÍA 25 DE XUÑO DE 1983,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

FRANCISCO XAVIER RÍO BARJA
E RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



¹ Texto tirado do mecanoscrito orixinal depositado no Arquivo da Real Academia Galega

DISCURSO

DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

FRANCISCO XAVIER RÍO BARJA

O entorno de Santiago ten na orixe de súa morfoloxía e, polo tanto, na calidade das súas paisaxes xeográficas unha dobre caracterización; por unha banda unha paisaxe condicionada polo predominio da Tectónica; pola outra a derivada preferentemente da Litoloxía. Un e outro van producir unha diferenciación morfolóxica que se traduce, sen dúbida, en aspectos moi contrastados e orixinais das súas paisaxes.

En efecto, Santiago aséntase como sobranceira e artelladora, no limiar de dous dominios paisaxísticos; un cara o Este no pórtico das influencias mariñas, sobre chans fundamentalmente graníticos e encaixados na grande fractura meridiana que lle serve de marco; outro cara ao Oeste sobre as largacías perspectivas Ulláns, sobre chans variados e a novidade de rochas básicas que matizan unha paisaxe de formas dondas, mainas sobre a vella “penichaira” erosionada.

Son estes dous “estilos” paisaxísticos os que resumen as condicións naturais e a forma de vida dos homes e que no horizonte de Santiago son como unha síntese da meirande parte dos paisaxes de Galicia.

No conxunto de terras da parte Occidental de Santiago, aséntanse, a súa vez, dúas zonas morfolóxicas: Unha é o val da Mahía encaixado na grande falla ou conxunto de fallas da depresión meridiana que, desde Carballo até Tui rompe a Galicia Occidental e a festonea de balnearios termais. Organiza unha paisaxe xeográfica totalmente condicionada pola tectónica. Derivado del áchase o que H. Nonn chamou o alveolo de Santiago, un reborde largacío drenado polo mesmo río que rega a Mahía, e que, ao decorrer por riba de materiais menos resistentes a erosión, orixina un relaxamento, un escalón máis baixo do que Solé Sabaris chamou o Escalón de Santiago.

A orixe deste alveolo, inda que ligado a tectónica, xa que o río Sarela decorre pola cauce dunha fractura, é fundamentalmente fillo da Litoloxía que permite o paso do granito ao dominio dunha orla de rochas metamórficas do grupo de Laxe, e decir, os xistos de Ordes, moito mais doadamente desmoronábeis pola erosión e que alonxan as beiras da fractura até os montes da Espiñeira e Montouto, verdadeiros beizos erguidos da grande depresión meridiana.

Esta zona é a antesala do noso estudo e, co o xa ten sido obxecto de atención noutros traballos nosos, é por iso que neste discurso centrareime, desde agora, na interpretación da paisaxe compostelana cara ao seu nacente.

A nosa andaina de hoxe polas terras orientais de Santiago vainos suxerir un novo escenario xeográfico e as súas paisaxes plantexaran problemas morfolóxicos e humanos ben distintos dos da zona occidental.

Son agora as terras da vella penichaira galega moi degradada -de 250 a 350 ms. de altitude- de mainas formas e largacías lonxanías traspasadas pola vea líquida do río Ulla, que as artella nun conxunto homoxéneo que lles da calidade de Comarca Natural.

No seu conxunto as terras están formadas por doces valgadas e longas encostas apenas cortadas pola acción dos pequenos ríos de escaso caudal tributarios do Ulla e no medio de agros de cultivos salferidos de boscos que alternan unha vez e outra a o longo de todos os camiños.

As paisaxes ofrecen se variadas en toda a gama de verdes, salientando de entre elas a sinxela fisonomía dos casaríos labregos vermellos con tellado de tella ou a fachenda das casonas fidalgas que poñen unha nota de fartura a este bisbarra.

Os asentamentos humanos esquivan en xeral os grandes trancos fluviais fortemente encaixados como os do Arnego e o Deza e utiliza preferentemente as redes hidrográficas secundarias. Así, pois, a variedade na paisaxe nacida da diferente ocupación humana orixina segundo A. Bohuier unha diminución da superficie media das parroquias; unha neta individualidade das aldeas, especialmente cara ao horizonte de Lalín e unha afirmación do sistema de cultivo en Agras como expresión das relacións do home coa súa terra.

Climáticamente a área enmárcase no dominio oceánico hiperhúmedo caracterizado por grandes precipitacións especialmente en Outono-Inverno, da orde de 1.500 mm. e unhas temperaturas medias suaves que poden oscilar arredor dos 12 graus.

As estación intermedias amosanse pouco perfiladas, son mais ben unións entre o verán e o inverno: A primavera desde mediados de marzo a mediados de xuño, é mais longa que o Outono, pero non chega a constituir unha estación individualizada pois o verán amósase de súpeto no mes de xuño. O outono é moi cativo pois o alongamento do verán acaba outubro e ao final deste mes preséntase o inverno con todo o seu recrudescimento dos hidrometeoros.

E xa que logo, o clima oceánico coa degradación mediterránea ou continental repártense a área matizando con nitidez uns e outros sectores.

Tais son os aspectos xerais dunha bisbarra da que tentaremos estudar a súa paisaxe xeográfica pormenorizadamente, escolmando para isto un miradoiro, unha

atalaia que me permita resumir para todos os que me acompañan nesta andaina o xénese e a evolución das paisaxes do entorno compostelano.

E para esta misión nada mellor que o Atalaia do Pico Sacro, o mais fantástico fenómeno xeográfico do noso entorno, que é capaz de sintetizar dunha soa ollada as sonoras perspectivas ridentes dos vales da Galicia meia occidental.

Tentemos de primeiras chamar a atención dos nosos acompañantes da presenza inusitada deste Pico que se amosra altivo e enfeito como un atente vixía vixo dominando en verdadeiro contraste xeográfico as formas dondas, xeórxicas, redondeadas da morfoloxía da bisbarra.

O viaxeiro menos observador preguntárase o porqué desta forma singular, garrida e dominadora na paisaxe compostelana.

O Pico Sacro e o mas claro e didáctico exemplo que temos na Galicia Occidental dun fenómeno de “Erosión Diferencial”, é dicir, o distinto comportamento e resistencia que presenta a litoloxía aos complexos procesos de erosión.

En efecto, baixo o horizonte do noso miradoiro aséntase un chan con predominio de materiais xistosos e anfíbolíticos. Estes materiais foron atravesados por cuarzo, aproveitando as fracturas que se formaron nos reaxustes tardohercínicos.

Deste xeito aparecen dous tipos de materiais que reaccionarán de maneira distinta: uns máis duros (o cuarzo), outros mais brandos (os xistos e as anfíbolitas). As anfíbolitas son rochas básicas de cor oscura, localízanse e teñen grande desenrolo por unha ampla banda que desde perto de Santiago vai de N.O. a S.E. O seu límite meridional está ben determinado polo grande dique de cuarzo; mais ou Sur volve a amosarse entre Silleda e Lalín adoptando a forma dun grande círculo.

Pola acción da auga o anfíbol é atacado e a rocha alérase axiña. A hidrólise empeza polos feldepatos e unha vez desaparecidos os seus leitos, a auga circula doadamente pola rocha e pode atacar os anfíboles, formándose, xa que logo, un chan arrubiado e abríndose os vales até o extremo de producir a sensación dunha chaira ondeada con interfluvios que apenas se destacan.

Entre os xistos destacan ao N.E. do noso miradoiro os chamados de Ordes y os Sericíticos que se amosan nunha longa banda desde Santiago por Ponte Ledesma e Cruces. Corresponde a zona mais de fora do metamorfismo e son, xa que logo, os materiais menos afectados polo metamorfismo rexional.

A acción dos axentes erosivos, especialmente as augas, traballan doadamente os materiais mais moles degradando a súa superficie; en tanto que as intrusionés de cuarzo

mais resistentes, van quedando salientados como testemuños residuais da vella superficie de erosión. Temos así a explicación da existencia deste miradoiro excepcional; por degradación da superficie de aplanamento antiga que nivela os cumios mais altos do sector a uns 500 ms.

Este desmantelamento dos materiais mais febles ou menos resistentes leva consigo unha reorganización dos cursos de auga. Deste xeito as augas, posibelmente divagantes do Terciario van reorganizando o seu canle e labrándoo mainamente.

Cando se atopan cun dique de cuarzo, como é o caso de Ponte-Ulla e outros lugares do seu recorrido, vese obrigado a cambiar o seu dinamismo, encaixándose fortemente ao atravesar estes afloramentos de rocha dura axudado posibelmente por un levantamento destas terras.

Pero o papel do Pico Sacro como miradoiro é realmente excepcional, se ben é certo que Galicia é pródiga en atalaias espléndidas: Monte Lobeira, Curota, Capelada, Pindo, Tegra... O Pico Sacro é cecais o de panorámicas mais largacías nos días sin calima. Desde o seu cumio podemos albiscar as terras xacobeas de Santiago e a cidade ao N.O. O fértil val do Ulla medio cara ao Este e Sur; as terras da Estrada, Tabeirós e Deza au S.O. e a Ría de Arousa que espellea na brétema do solpor.

Pero o Pico Sacro non é samente un miradoiro de espléndidos horizontes, é tamén e sobre todo un incitante de motivacións xeográficas que nos vai permitir, desde unha óptica nova explicar o cómo e o porqué das paisaxes xeográficas que se estenden os nosos pés.

Desde o punto de vista morfolóxico temos de fixarnos na existencia de dous dominios litolóxicos ben marcados mineralóxicamente, inda que non morfolóxicamente. Estes dous dominios ofrecen un relevo moi maino e ondeado con cativa diferenca morfolóxica entre os dous, inda que os ríos tenden a correr sobre bandas xistosas, mentras que os interfluvios están feitos de preferencia por anfibolitas, alternando con xistos, pero o relevo é sempre doce e leve, só rabenado pola presenza do grande dique de cuarzo do Pico ou por outras introsions como a de Carboeiro, Toxa, etc., que dinamizan a paisaxe obrigando ás augas a rachalos para formar pequenas gortexas ou tallos espectaculares como o da Ponte Ulla.

Cara ao Sur a paisaxe cambia de temática, as terras afúndense gradualmente até o fondal das fraturas polas que bule o Ulla.

Temos así tres *Unidades Morfolóxicas*: Unha é o nivel de cumios situados sobre os 500 ms; é a superficie de aplanamento superior e que podería sintetizarse nun resto

aillado perfecto: O Pico Sacro. Un segundo nivel de aplanamento inferior que non salienta dos 300 ms. e formado pola degradación do primeiro e sobre o que se asentan os cultivos.

Salientando desta superficie baixa érguese con brusquidade o espiñazo do Pico troceado en formidabeis vértebras polos cortes transversais dunha intensa fraturación que o converten nunha sucesión de “picachos” residuais.

Por último, cara ao Sur, encaixándose na superficie inferior os vals fluviais da Bacía do Ulla. A relación entre as tres unidades morfolóxicas é moi suave; as vertentes descendentes desde os 500 aos 300 ms. moitas veces modeladas por glacis de pendente, é dicer, por un labor morfoxenético das augas non encanadas, difusas que labraron superficies pouco inclinadas e moles cobertas en ocasións de materiais detríticos: cantos angulosos, limos, etc.... Unicamente a presenza, aquí e alá, de diques de cuarzo e curcita ou o encaixamento brusco dos vales son capaces de dinamizar a paisaxe, alterando a bucólica suavidade das formas mainamente ondeadas do entorno compostelano.

O filón de cuarzo sobor do que estamos, diríxese cara ao Sur figurando un lombo ergueito até mais alá do río Ulla, e que as augas e pequenas fracturas tallarán en anacos, dándolle a semellanza do espiñazo dun xigantesco animal antediluviano, e nos días outonais de inversión de temperatura cando a capa de ar frío se fai néboa a paisaxe acada unha beleza telúrica, cósmica, que poucos dos seus visitantes deixarán de gorentar.

Esta atalaia é como unha faltriqueira chea de suxerencias xeográficas e non podemos menos de convidar ao observados a que, despois de saborear a fondura agarimosa da paisaxe compartida conosco agora a pescuda dos elementos humanos que nos completarán e axudarán, como se fose unha lección de Natureza, toda a paisaxe deste entorno.

Esta liña de cumios déixanos ao acadamento da nosa man toda a superficie inferior, a mais humanizada, o espacio no que se asentan a meirande parte dos cultivos, o escenario mais íntimo das relacións do home e a súa terra.

Ben vale a pena algunha explicación: A paisaxe agraria que nos ofrece está estruturada en grandes “Agras”, que son terreos formados pola asociación de cultivos provistos de peches xerais e divididos no interior en parcelas abertas.

Este feito ten unha senlleira importancia porque a estrutura agraria foi durante moitos anos condicionante non só do sistema de cultivos senón tamén das relacións socioeconómicas dos traballadores do campo.

Deste xeito, distínguense, en termos xerais, dúas estruturas: Unha a de campos pechados, que parecía indicar un individualismo agrario baseado na liberdade de cada labrego a cultivar como él quixer as súas terras, asociado, a súa vez, a un forte espallamento da poboación.

Outra, a de campos abertos cunha obrigatoriedade no sistema de cultivos, a existencia de prácticas comunitarias e asociadas a unha concentración da poboación con grandes núcleos moi compactos.

En Galicia o país de campos pechados circunscríbese ao sector Norte das montañas septentrionais (desde Cedeira ao Valedouro e desde Capela a Abadín). O de campos abertos suliñado polos xeógrafos como “Openfield” exténdese polo S.E. de Galicia.

A zona que temos aos nosos pés atópase comprendida nun sistema agrario intermedio entrambos os dous devanditos que abranxe a meirande parte de Galicia e que se fundamenta na organización dun sistema denominado de “Agras”, é dicir: conxuntos de parcelas de distintos posesores dunha aldea e pechados no seu conxunto por un valado e sometido a un sistema de obrigatoriedade de cultivos.

A paisaxe agraria é en xeral dunha amenidade e beleza indescribíbel. A landa coroa as alturas e as zonas de forte pendente onde a cativa fertilidade dos chans impón esta lei, e nas chairas e vales alternan os campos de cultivo e os “rodales” de bosque.

A distribución do espacio agrícola resposta a dúas variábeis: Unha son os espacios de aproveitamento agrícola con enclaves non cultivados, e outra pequenos enclaves cultivados no meio do espacio forestal. O primeiro tipo corresponde a unha ocupación agrícola máis intensiva sobre unha topografía dondamente ondeada ou de cativos relevos, e o segundo tipo resposta a condicións físicas que dificultan a ocupación humana e limitan os espacios agrícolas aos fondais de valgadas e vales.

En xeral a complexidade da paisaxe rural, que forma un verdadeiro “puzzle”, está condicioada pola necesidade agro-pecuaria-forestal das explotacións.

O arregueixo de terra de labor leva ao campesino que vive nun enclave forestal, a decrúa do espacio forestal non arborado para o cultivo temporado dos cereais de inverno.

En xeral a distribución das masas de cultivo está vencellada á situación dos núcleos de poboamento. Estes case sempre no contacto do “Ager” e o “Saltus” están emprazados a meia ladeira, en camiño entre o bosque e os campos de cultivo.

Este feito débese a tres causas: Unha a fuxida das partes máis baixas das grandes valgadas mais húmidas; dúas a necesidade de deixar para o cultivo as mellores terras e asentar as aldeas en aqueles lugares nos que a potencia do chan é menor, e a terceira a de situar a vivenda, célula fundamenta de traballo e de ordenación do territorio, a meio camiño entre o monte, do que se aproveita o toxo para a cama dos animais e logo para esterco, e os campos de cultivo aos que se leva aquel. Así temos o bosque, a aldea, as cortiñas nas que se cultivan as hortalizas e demais especies da mantenza de cotío. Logo as agras que son o graneiro que mantén a vida do campesino... e denovo o bosque e así sucesivamente campo e bosque nunha continua alternancia só interrumpida nas partes mais altas pola presenza masiva do monte cara a pouca fertilidade dos chans.

Pero as Agras non mostran todas elas unha uniformidade de cultivo. A paisaxe agraria está na actualidade sufrindo un cambio moi sensibel e que orixina dous tipos que podemos albiscar especialmente na Primavera desde o estupendo miradoiro que temos elexido.

Un está formado polas agras tradicionais e outro por aquelas nas que se está a facer a Concentración parcelaria.

Preséntase no primeiro tipo algunhas zonas da parte occidental do Pico Sacro, algunha parroquia da zona de Vedra ao Sur e, ao lonxe, na outra banda do Ulla, grandes zonas de Carbia e Cruces a o S.E.

O sistema de cultivo destas agras leva consigo un réxime obrigatorio de sementeira que se lle dá o nome de “Ceifa”, polo cal todas as parcelas dunha agra levarán un mesmo cultivo. Os labregos están obrigados a sementar, sachar, e colleitar nas mesmas épocas. Os campos teñen así unha rotación cromática moi homoxénea nas distintas épocas do ano.

Pero a paisaxe non resulta endexamais monótona porque o espacio agrícola e sempre discontinuo. Así labradío, landa e bosque alternan de súpeto sen nengunha transición e isto tradúcese por orixinais e vivos efectos de contraste.

Todas as agras son servidas por un camiño “o camiño de ceifa” que se abre paso a paso da maquinaria en épocas determinadas, por exemplo, desde primeiros de Decembro a 7 de xaneiro para a semente do trigo e desde o 24 xuño ao primeiro de Agosto para o millo.

A agricultura, aínda de subsistencia, ten especialmente dous tipos de rotacións das que se adxunta un gráfico.

Cando existen camiños, as parcelas que se serven deles sen necesidade de pasar polas outras, desbótanse da obrigatoriedade dos cultivos, plantando á vontade, berzas e outros produtos hortícolas, co que, cada vez mais, a paisaxe agrícola pode trocarse cunha matización infinita.

Por último un feito senlleiro desta paisaxe é que nos amosra até que ponto o río Ulla é un “Carrefour” no que se misturan aspectos bioclimáticos moi contrastados, e o sinalado por Bohier cando indica que nas beiras do Ulla, na súa marxe dereita, o labrego sementa despois do trigo, un millo que sega para forraxe en Outono/Novembro, despois resementa avea en verde que a segará a finais de marzo ou primeiros de abril. Polo contrario na marxe esquerda (parroquias de Obre, Abades, Camanzo, etc...) seméntase despois do trigo, un millo serodio que da gran. E dicir que é aquí o punto terminal da subida ao longo do Ulla, da combinación de dous cereais con gran (avea gran-millo gran) que abranxe até Silleda e Cruces. Esta detención que como temos dito, pasa a ser mais ao Norte de cereal-gran - cereal forraxe non é unha ignorancia humana, senón que é froito da intervención de factores climáticos desfavorabeis que limitan o poder de extensión desta combinación.

Nos espazos que actuou a Concentración parcelaria perdéuse a división de agras e con ela a obrigatoriedade de cultivos.

Estes campos presentan unha meirande vocación gandeira, desaparece o cultivo do trigo, o prado secano ou regadío é o rei da paisaxe. O verde faise dono cáseque absoluto da panorámica, o rexeitamentos dos muros e con elo as fileiras de árbores que rompían a continuidade das agras e a presenza do gando pacendo a parca herba dos “arredores” ou cómaros, producen unha sensación de uniformidade que se rompe somente coa pincelada verde-amarela do millo como única rotación posibel neste sistema máis desenrolado.

En efecto, as rotacións son agora mais sinxelas; o prado seméntase en setembro e dura dous ou tres anos; ao cabo deles vóltase a sementar millo que, ao ser recolleito, volta de novo ao prado.

Deste xeito a desestruturación das agras e a desaparición dos seus peches xerais orixina unha nova forma agraria: Os pequenos Openfields de tipo Atlántico que se distinguen dos grandes Openfields do S.E. de Galicia, na pequena extensión do espazo

arábel de cada célula, nas formas de habitat non totalmente concentradas e na forma non artellada dos espacios arábeis.

Estes cambios fixeron aumentar a cabana gandeira, e é esta presión de vocación gandeira a que leva consigo un cambio nas estruturas da vivenda coa aparición de “silos” e grandes palleiros sobre construción pertas á casa; os seus baixos destínanse para maquinaria ou terbellos do taller.

Pero este Pico enfesto, ergueito e garrido que domina cáseque con soberbia as longas lontananzas vivas das terras do Ulla medio non podería deixar de ser un protagonista da historia compostelana, nen un protagonista como moitos outros montes sagrados das mitoloxías antigas, de lendas e tradicións relixiosas, que fan del un verdadeiro “Mont Sacer” dotado de taumatúrxicos poderes.

E isto forma tamén, sen dúbida, parte substantiva da paisaxe; porque paisaxe xeográfica no é só o que se ve, o que como diría Otero Pedrayo ““ perceptíbel polos sentidos a luz dos ollos normais”, senón ademais, como él mesmo tamén afirmaba, todo o peso da Historia, das Tradicións que condicionan no home unha actitude peculiar de encararse coa Natureza e que se traduce, sen dúbida, nunhas formas de traballo, de vida e de relacións sociais.

A historia algunhas veces obxectívase en formas precisas na paisaxe, así na silueta alteirosa dun castelo rochoso, nas ruínas dunha ermida románica, nas pegadas dun vello camiño de peregrinacións; pero os mitos e lendas, como exteriorización da procura arelosa dun arquetipo, son máis intanxíbeis, mais vagarentos, pero subxacen no mais fondo da conciencia e transmiten de xeneración en xeneración unhas actitudes sen as que a paisaxe xeográfica, construída por unha comunidade humana, non sería o que é nun momento dado.

Aquí, no noso Pico, o Mito e a Historia están vencellados como a hedra e a árbore, mais as veces, a Historia que é a árbore, amósase deformada pola exuberante follaxe da hedra.

As primeiras lendas surxen, como non podía menos de ser, das orixes xacobeas da cidade. Os relatos medievais de Traslación do corpo do Apóstol, proveñen dos séculos IX e X e espalláronse por Europa e fálannos dunha raíña Lupa, dun monte como lugar de paganismo, duns touros representados pola fe dun cristianismo nacente e en fin dun enterramento, da orixe das peregrinacións e con elas da cidade.

Pero no Pico atópase o asento de tres feitos históricos que deixaron a súa pegada na paisaxe: Un é o relembro relixioso do vello mosteiro; outro o militar da vella Torre do Castelo, e o terceiro o recordo lexendario das súas espenucas.

Do vello mosteiro de San Sebastián só queda hoxe como testemuño dunha fe milenaria a capela que leva o seu nome asentada nun “rechán” da ladeira Sur do Pico. Foi o bispo Sisnando quen consagrou o mosteiro polo ano 904 quedando os seus monxes suxeitos a xurisdición de San Martín Pinario. Os monxes cultivaron as terras mais vizosas do lado N.E. formando unha granxa e unha ermida que adicaron a “San Lorenzo”. Tal é a orixe da parroquia da Granxa pero de todo elo apenas queda nada cicais a planta da actual ermida, cicais un anaco do arco e unas poucas pedras mais.

Así, pois, desde o vello mosteiro que a fe do bispo Sisnando ergueu hai mais dun milenio para avivecer o recordo da tradición xacobeá, até a construción da fortaleza que Jerónimo del Hoyo nos describe coa nostalxia do seu desleixo, moitas páxinas heróicas ou patéticas da historia compostelana desde o século XV ao XIX, quedan entrañábelmente xunguidas a este vixía da paisaxe.

Pero qué queda da fortaleza?; lamentabelmente case nada, apenas xunto á Cruz da cima o asento do baseamento; e cara o lado Norte o oco da cisterna que servía para a recolleita de augas da chuvia, para o servizo da guarnición da fortaleza.

I a lenda? que sempre corrou en Galicia ao cumio dos seus montes, ten aquí a súa resposta co misterio da Cova. Súas dúas entradas: Unha cara o Oeste e a outra cara o leste e nun nivel inferior foron sempre unha teimuda incitación á fantasía dos seus visitantes que as poboaron, como non deixaría menos de ser en Galicia, coa presenza de xigantes, de mouros e de meigas.

Xa Jerónimo del Hoyo, nas súas memorias, conta a crencia entre os habitantes da bisbarra e que é común en cáseque todas as atalaias galegas (Altamira, Lobeira, Andrade, etc...) dun pasadouro subterráneo dunha legoa até o río Ulla e perto do antigo mosteiro de San Xoan da Cova.

Pero as opinións máis asesadas relacionan estas covas co minerío romano na procura do ouro que se atopa nos filóns de cuarzo e precisamente o corredor de 2 ms. de ancho por 12 de longo, que crebando a crista das rochas, pon en comunicación os lados N. e Sur e que as xentes o coñecen co nome de Rúa da Raíña Lupa, tería de ser o acceso natural para transportar o mineral a vertente que mira ao Ulla, río polo que baixaría en barcas até Iria Flavia.

Calquera que sexa a súa orixe e o seu destino a Lenda axúdonos a comprender mellor o fondo da alma humana que póboa estas terras e a Historia forneceu de materiais pra completar a interpretación paisaxística deste marco xeográfico por se non fose dabondo o pracer da súa increíble panorámica e a satisfacción da lección xeográfica que nos ten ofrecido con xenerosidade.

É hora, xa que logo, de deixar o alto miradoiro e tentar de recoller no mesmo fondal do Ulla, pondo un ángulo de observación distinto, unha nova óptica a pé de río, a algúns dos problemas xeomorfolóxicos e humanos que se plantexan neste saudoso recanto fluvial e que nos amosa unha última e nova interpretación paisaxística.

Descemos, pois, polas rampas que nos levan pola cara Sur até Lestedo e axiña albiscamos a Ponte-Ulla.

Ben vale desde aquí achegarse á “angostura” de San Xoan da Cova na que o río se ve obrigado a rachar teimudamente un estreiro portelo na dura vea de seixo que lle pecha o paso.

Deste xeito o Ulla que se facía maduro e tranquilo polas barxas e veigas de Ledesma, remózase para cortar gran a gran, ao longo dos séculos, un tallo de cáseque 100 ms. que lle presta á paisaxe do Ulla un matiz de rispidez e de bravura.

Os observadores que nos acompañen nesta andaina poden preguntarse o porqué desta teima do río por abrirse paso polo camiño mais trabaloso.

Os ríos buscan sempre as liñas de menor resistencia traducindo os cursos en infindos meandros en procura da súa saída ao mar “que é o morrer”. Outras veces semella como se se arrexuxesen en contra dos atrancos aparentemente enfranqueabais. Mais non é así. O fenómeno que dá lugar a esta paisaxe do Ulla pode ser, entre outras causas, un feito xeográfico nomeado Antecedencia polo que un río no seu constante labor de erosión, despois de lavar a branda capa superficial, atópase coa dura vea de cuarzo cando ten un rego xa formal e sen outra saída que seguir esburacando nela.

Pero aquí en San Xoan da Cova, o proceso da formación da canle pode ser mais complexo e cecais haxa que considerar un xogo complementario de causas tectónicas e litolóxicas.

En efecto desde o viaduto que nos vale de miradoiro o primeiro que debemos facer notar aos nosos acompañantes sexa a diferenza de modelado e de altitude de ambas as dúas vertentes.

Isto fainos ter en conta un novo punto de vista no que entran en xogo forzas do dinamismo interno, e dicer, tectónicas.

En termos xerais a vertente meridional semella ser unha zona na que a tectónica xoga un papel preponderante (pensemos no corredor de Cuntis-Vea, no vale de Tabeirós, no Horst do monte de San Sebastián, etc...) que lle dan unha acusada comarcalización morfolóxica, en tanto que a Septentrional que forma unha alongada penichaira só atricada de vez en cando por pequenos relevos residuais e filla en meirande medida da litoloxía e a tectónica só se albisca na fractura do río de Santa Lucía.

Por elo H. Nonn sinala que para comprendermos este desaparellamento entre ambas as dúas vertentes, parece lóxico que algún sistema de fracturas con dirección S.O./N.E. xogarán un papel nas zonas inmediatas ao río.

Deste xeito o río semella instalado na parte mais baixa dun plano inclinado e na beira dunha zona fallada.

De todos os xeitos, podemos engadir, o labor erosivo por riba dunha litoloxía variada é o grande taumaturgo da morfoloxía do val.

O Ulla realizou un traballo erosivo intenso nos últimos milenios de anos da súa existencia. O sistema de terrazas axúdanos a medir o enorme traballo de encaixamento do río. Así o Ulla artella un val a súa vez largacío e fondo duns 120 ms. que representa a acción erosiva de finais do cuaternario en resposta a epiroxenia anterior ou miocénica. Augas abaixo, cara a foz, o val alóngase por riba dos xistos da Ponte-Ulla e pasando por debaixo da silueta airosa do novo viaducto que se mostra ao fondo, o río deixa este terreo e, despois de afundirse lixeiramente sobor do granito de Barada, comenza para o río unha nova etapa de descougo, o Ulla inquiétase, dinamízase, rompe o seu perfil de equilibrio e aparece aquí un novo proceso de erosión.

En efecto aparece aquí o fenómeno curioso moitas veces repetido da nosa orixinal hidrografía galega na que, para abraiamento da vella teoría de W. Davis que consideraba aos ríos suxeitos, ao igual que os homes, a un “proceso vital” e debido a isto pasaban por tres fases na súa vida: xuventude, maturidade e senilidade; os ríos galegos poden, nalgúns casos, trocar este proceso: nacer vellos ou maduros e morrer en pleno rexuvenecemento, como o exemplo senlleiro en Europa do Xallas, río cantado por Pondal, que remata coa xuvenil viravolta da súa cascada pra morrer no mar do Pindo.

Así o novo val trastoca o seu perfil de equilibrio rachándose en cadoiros como un río cáseque xuvenil para encaixarse fundamente entre dous Horst aillados; os seus cumios garridos, como vixías que anuncian a veciñanza da ría, case albiscamos desde o noso miradoiro taes con: O Meda y o Xesteira.

Este feito é, por outra banda, o testemuño da Antecedencia do río con relación ao epíclio mioceno; e dicir, que as terras sobor das que estamos manifestaron ao longo de moitos séculos unha tendencia a un levantamento acentuado.

A paisaxe agraria que presenta o val desde o balcón de San Xoan da Cova ben vale unha última ollada para pechar o redondo horizonte da paisaxe compostelana.

O fondal do Ulla medio oferece matizacións que non escapan, sen dúbida, ao observador menos experimentado.

Aparecen, en primeiro lugar, sobre as vertentes do val terreos de Ribeira e Bocarribeira -como gostaba dicir o mestre Otero Pedrayo- que se asinalan da paisaxe devandita por un certo espallamento do habitat, pola presenza de numerosas ringleiras de árbores sobre a beira das parcelas e camiños, pola novedosa aparición de socalcos e a ridente presenza das vides que loitando contra as deficientes condicións climáticas, son cultivadas nas ladeiras ben apostas ao medio día sobre terrazos ou socalcos perfectamente escalonados, formando altos emparrados para escudir a humidade do chan.

A proverbial amenidade e dozura destas ribeiras faise máis pintoresca e variada non só pola presenza de novos cultivos senón de novas influencias climáticas remontando, como unha marea, polo ancho canle do val, dando un matiz mediterráneo a vexetación coa invasión río arriba das sobreiras, que forman pequenos rodais de bosque, cos escintilantes e sempre verdes Erbedos que favorecen ao rematar as invernías, coa xeórxica exultante das vides e os limoeiros e fartura das casonas fidalgas ou rurais e, en fin, no fondal do val, o Ulla artellando todas as comarcas e ordenando as paisaxes nunha formidábel unidade... sempre o Ulla, como un coitelo de prata ferindo o ventre pedregoso da terra nai.

Teño dito.

RESPOSTA

DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

SEÑORES ACADEMICOS,
SEÑORAS E SEÑORES

Hai momentos na vida que de unha maneira especial parece como si nos deran un pulo, un garimoso empuxón, pero volvendonos polo camiño do tempo andado, como me ocorre a min, agora mesmo, porque ledamente lembro un día en que Don Francisco Rio Barxa, finando os anos dos seus estudos na Facultade de Letras de Santiago, foi a escoitar unha intervención miña nun curso de Vran da Universidade. Saira a relucir o *Barallete*, xerga de paragüeiros, da que eu non sabia mais que o que sei hoxe, un consello que dá o amo o seu criado, indicándolle que aguante o picor dos parásitos si quere que a ama lle poña boa cama. No remate veu saudarme un mozo alto, intresado por moitos problemas de Galicia antre eles as xergas das que sabia varias palabras, que por suposto non sabia eu inda que coñecía bastantes do *latin* dos canteiros. Era quen desde entonces foi meu amigo de sempre, o mesmo que hoxe me proporciona iste intre feliz de ser o encargado de darlle a ben vinda, é o novo Académico que dende agora se incorpora as tarefas da nosa institución.

É Rio Barja, un docto Profesor, un gran investigador nunha especialidade que sempre me namorou: a Xeografía, fai pois a súa entrada un Xeógrafo o estudioso de sempre que sabe recoñecer o feito humán e o seu medio, estudialo en profundidade e sabe ademais transmitir con acerto i-emoción todo o conxunto de fenómenos que por definición caracterizan a razón presente de un espacio da terra, nos vieiros astronómicos, físicos e humans, analizando atentamente clima, proceso da terra e o mais complexo feito human; acollido todo baixo unha categórica denominación que deprendemos do mestre de todos nos, Don Ramón Otero Pedrayo: *o paisaxe xeográfico*, que D. Ramón sintetiza no seu gran libro: *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*. É o novo concepto pra arrecadar o estudio da terra.

Encariñado no estudio, na investigación, foi Rio Barja, un traballador en constante e profunda inquietude por dar a coñecer feitos trascendentes relacionados con diferentes matices do mundo económico. Asi o demostra o seu traballo *Estudio económico del valle de la Mahia*, val moi relacionado con Santiago, centro de consumo de productos e tamen de aprovisionamento de materias que non dá o campo. Pero hai temas que son de primeiro orde en Galicia como é o gando e por iso nunha parcela moi estimada por Rio Barja, estudia tal problema nun traballo que titulou: *Notas para la economía ganadera de la Tierra Llana*.

Non é soio unha nota de produción a que nos da o rostro de unha terra porque sempre hai a intervención humán, principal elemento modificador criando ou destruindo, nunha verba, modificando a superficie e obrigando a quen estudie un lugar a unha rebusca de datos que darán ó final unha monografía que atingue á terra e a todos os feitos do home. Así é o intresante traballo que leva por título: *Estudio económico, histórico y artístico del partido de Villalba*.

O viaxeiro que de Villalba vaia por Cabreiros e as Pontes pra baixar á ria de Ferrol, atópase con un núcleo novo de actividades, un novo centro de produción que ocasiona a transformación da zona. Centro que polo seu volumen merece un estudio e así o comprendeu Rio Barja fixando as novas características da comarca na monografía: *El complejo industrial de Puentes. Estudios de Geografía Económica*. Aportación mais valiosa tendo en conta a novedá total na transformación de produtos da zona.

Hai no momento actual de Galicia unha iniciación a temas novedosos en moitos lugares da campiña, van collendo importancia novos sistemas de cultivos con imposición de criterios pra produción tanto da agricultura como do gando no que atopamos unha lumiosa esperanza da economía no rural, onde con gran sentimento, realmente con profundo dolor, ollamos día a día mais decaído en moitas parroquias; porque nas terras onde todos os anos se sementaban patacas, centeo, millo, nabos e berzas, e noutras colliase o esquisito viño que se considerou axuda pro traballo, son terras que hoxe se ven cubertas da vexetación natural de herbas, toxos e silvas ou mimosas. Sempre sostemos que estamos nun cambio, xa o temos dito noutras ocasións, tan forte que non se rexistrou outro igual dende a época do abandono dos castros. Por iso ten moito intrés a publicación do novo académico titulada: *Evolución agraria en un municipio de la meseta lucense*.

Queremos resaltar o gran amor que sinte pola intresante comarca da provincia de Lugo, a denominada Terra Chá que tantos problemas presenta, sempre intresantes, e moitas veces de dubidosa solución sobor de todo en cuestións fluviales; e son características zonaes que ten moito mais valor pra poder facer un día o conxunto, nise senso fixamos a nosa atención no estudio que o autor tidou: *La comarca de la Tierra Llana de Castro de Rey*.

Sin dúbida de ningún xénero a transformación mais grande que se ten realizado en Galicia no mundo rural, é todo o relacionado coa casa, entra o novo chalé cuio modelo procede con toda seguridade da nación onde estivo o propietario, que, a súa vez, é o arquitecto e mais o mestre da obra. Fanse reformas no interior, ouservase a

instalación de auga corrente, que ven por traida colectiva ou individual; colle moita forza o emprego do ladrillo, o cemento e a uralita nos tellados. A cociña perde a súa persoalidade de lareira chegando en pouco tempo á de butano, pasando pola chamada cociña económica. Fenómenos que dan moito mais valor a cantos estudos poidan recoller os derradeiros tipos antigos. Iste feito o temos moi en conta cando consideramos o traballo de Rio Barja titulado: *La vivienda rural en el Alto Miño*.

Pra cantos adiquen as suas inquietudes ó estudio de problemas xeográficos de Galicia, ten que preocuparlle o feito climático que as xentes tiveron en conta nos tempos pasados gardando as espresencias dos vellos ás que engadian outras descubertas xa na súa vida, polas que precisaban a prousimidade das chuvias ou os bos tempos por os lugares que ocupaban as vacas ou as cabras dun lugar; o paso de certas aves e hasta o renxer de unha porta era barómetro seguro. Había sentencias e refrans e contábase como predición maior a dirección do vento na media noite de Navidá. O arco da vella, o voar dos corvos ou das anduriñas son capaces de predecir a chuvia ou os ventos. Isto motiva sempre un afán do estudioso preocupado cos grandes problemas climáticos, como o novo Académico, que escribo: *Interés por los estudios climatológicos de Galicia desde el punto de vista de la Geografía*. Non se trata soio de chuvias ou ventos son outros moitos problemas que ten o seu desenrolo neste traballo.

Relacionado co clima está o tema da vexetación que sofre as longas ou curtas sequias, xiadas ou neves, ventos que non deixan medrar os árboles, todo un conxunto de elementos que determinan o desenrolo da vexetación que camiñando por Galicia vemos como varia de uns lugares a outros e sobre todo descobrese tramos da terra, zonas importantes de aspecto seco ben recollidas na monografía: *Estudios sobre las zonas de aridez de Galicia*. E como nota de manexo de miles de papeletas citemos a: *Bibliografía económica de Galicia*.

Un libro especial: *Didáctica da Xeografía*, merece tamen ser comentada neste intre, porque Don Francisco Rio Barja é Profesor, de profesión e oficio, que desempeña con outimas valoracións; o poden decir por min ises trinta traballos de Licenciatura, dirixidos por él e relacionados con materias xeográficas de Galicia. Mais pra unha maior e millor comprensión do estudio de unha materia, moitas veces temida e hastra arredada, por ise temor infundado por quen ten que responder no remate do curso a uns temas da asignatura, e pra todo amante da Xeografía, escribe Don Francisco iste suxestivo Tratado que poderíamos chamar Arte de saber estudar e deprender xeografía. Un libro que nace pra que o lector se apodere do seu contido que moi axiña o

considerará como unha guía máxica que aconsella e ampara os estudiosos da materia nun intre en que é mester renovar os anceios de saber na xuventude, pra que mañan sepan seguir ó mestre que os ensinou.

Non queremos deixar outros traballos siñificativos do novo compañeiro, tales como: *Estudio Sociológico del nivel de la población en Galicia* e outro de carácter máis histórico, pero que tomando un centro xeográfico en Lugo alcanza toda Galicia con diferentes matices e moitas veces con estampas brillantes de un típico romanticismo de ben tristes resonancias. A monografía titúlase: *Lugo y la revolución gallega de 1846*. Ista revolución ten como verbo e alma a figura misteriosa de Antolín Faraldo, de quen dixo Risco: “o home que d’unha vez pra sempre descubreo o nacionalismo galego”, punto iste que ten sido moi discutido. Estudiu tamen *A personalidade xeográfica de Otero Pedrayo*. Quen foi mestre polifacético que brila en todos os saberes: Historia, Arte, Literatura, pero así como é creador na novela, pensador no ensaio, poeta sempre en prosa e verso, é na Xeografía o mestre que dende Galicia abre novos horizontes á ciencia xeográfica valores extraordinarios que tivemos ocasión de expoñer e defender diante quenos o desconocían en momentos curiosos da historia dun premio.

Foi o novo Académico un apaixonado admirador como estudioso do traballo fluvial, do leito dos ríos, das terrazas, terras que o río foi deixando e que inda ocupa, nas grandes enchentes, as máis baixas, o vieiro do río cavado durante a longa etapa xeolóxica contando ciclos de moitos anos. E ahí está ben estudiado: *El perfil longitudinal del río Xallas* a quen Pondal lembra nos seus versos:

Feros corvos de Xallas,

Que vagantes andás;

En salvaxe compañía,

Sin hoxe nin mañán;

¡Quen poidera ser novo compañeiro,

Pola gandra longal!

Versos que Otero Pedrayo comparaba na súa consideración do voar sobor das terras palustres cos comentarios de Chateaubriand nas landas da Armórica e, do Oberman de Senancour, tamén comentado por Unamuno, nas cimas nevadas dos cumes alpinos cando o descobre a aguiá e foxe co berro de grandes resoancias nas ladeiras. Pondal reflexa na gandra longal, a chaira, a terra que deixaron as augas.

E agora que resumin unha brillante laboura deixo pra valoración final o discurso que se comenta de seu, non precisa dos meus decires. Eu limítome a subir ó Pico, a isa

cabeza dura, o outeiro testigo que ó descubri-lo os romeiros dende o pobo de Rosario, cerca de Palas de Rei, xa consideraban a camiñata final, á eirexa de Santiago. No traballo están reunidas as novas, ou novísimas formas dos estudos xeográficos, entre os que hai que destacar os de Abel Bouhier, o estudioso dos nosos agros, galardoado co Pergameo de Honra polo Patronato do Pedrón de Ouro. Dende o Pico vense os agros, o río as agrupacións humanas e mais ó lonxe Compostela e a ría que ven do mar infindo. Cerca do pico hai dous topónimos de leiras, especiais: A Picota e a Forca, polo menos na imaxinación formase unha neboeira de poder feudal. No mesmo pico hai a entrada de un camiño misterioso que nos dixeron que pasaba por debaixo do río e iba ó Castro, ou o Castelo de Cira, ou mais lonxe, é un camiño misterioso e ninguén sabe onde estará o seu remate. E un túnel, quen sabe si será o túnel dos tempos. No misterio queda o ouro e non sabemos si aquela reina Lupa era unha das primeiras donas de terras e riquezas por ser esposa de un xefe román.

Quedan pra todos os atardeceres, maravillosas lendas, saudosas terras, briosas augas do río. Despois do señorial discurso de Río Barja, esencia e primor centífico de estudio de un privilexiado paisaxe xeográfico, parece que nista parcela de Galicia, todo ten un novo senso, que representa un novo blasón nos pazos, unha nova roseira nos xardíns e unha nova sinfonía nas augas do Ulla.

Debo rematar; e son as miñas verbas derradeiras de felicitación o novo compañeiro. Temos plena seguridade que tornará a subir a moitos cotos, os outos curutos pra seguir traballando, porque quen ama á Terra, ten que traballar por ela mentras Deus lle preste axuda. A Academia recibe a Don Francisco Río Barja, cos brazos abertos porque sabe que incorpora ás súas filas a un gran investigador, a un gran xeógrafo, que aportará iniciativas e traballos. Sexa ben vido o vello amigo e novo compañeiro.

TEÑO DITO.

Antonio Fraguas